

### ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

**ASUNTO: CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN DE ESPECTÁCULOS E CONCERTOS DAS FESTAS DO ARDE LUCUS 2017. LOTE 1. ESCENARIOS, ESTRUCTURAS, GRADAS E ELEMENTOS AUXILIARES. LOTE 2: ESPECTÁCULOS NA PRAZA DE SANTA MARÍA E EXPLANADA DO PAVILLÓN LOTE 3: ANIMACIÓN DE RÚA. ( EXP. REF. 16-2017). APERTURA SOBRE A) (DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA). -----**

Sendo as 13:00 horas do día 14 de xuño de 2017, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, constitúese a Mesa de Contratación presidida polo Xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, don Xosé Manuel Cao Rei, e actuando como vocais:

Don Manuel Louzao Aldariz, Titular da Asesoría Xurídica, don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Xeral dona María José Pena Lage, funcionaria adscrita a Xuventude e actuando como secretaria dona Ana Tabarés Martínez, técnico de contratación, patrimonio e fomento.

Abre a sesión o Sr. Presidente e procédese por parte da Secretaria da mesa a dar lectura ó informe do negociado de rexistro de data do 14 de xuño de 2017 no que se pon de manifesto que á referida contratación se presentaron as seguintes plicas no rexistro deste Concello:

- A.S.A. -SON S.L.U (para o lote 2)
- ALENTI SOLUCIONES PARA EVENTOS S.L.U. ( para o lote 3)

A vista do cal os membros da mesa acordan declarar deserto o procedemento para a contratación da produción de espectáculos e concertos das festas Do Arde Lucus 2017 lote 1.- escenarios, estruturas, gradas e elementos auxiliares.

A continuación procédese a continuación á apertura dos sobres A (documentación administrativa), das mercantis que se presentaron aos outros dous lotes comprobándose por parte dos membros da mesa que é correcta en tódolos casos, tralo cal se procederá á apertura dos sobres B (oferta económica suxeita a criterios avaliábeis automaticamente)

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia.

A PRESIDENTE

Asdo.: Xosé Manuel Cao Rei

A SECRETARIA

Asdo.: Ana Tabarés Martínez.